

RESOLUCIÓN DA DIRECCIÓN XERAL DE DESENVOLVEMENTO PESQUEIRO POLA QUE SE FAI PÚBLICA A RELACIÓN DEFINITIVA DE PERSOAS ADXUDICATARIAS DE PRAZAS DE RESIDENCIA NA ESCOLA OFICIAL NÁUTICO PESQUEIRA DE FERROL (PRAZO EXTRAORDINARIO) CONFORME Á ORDE DO 7 DE XUÑO DE 2022 POLA QUE SE ESTABLECEN AS BASES REGULADORAS PARA O ACCESO ÁS PRAZAS DE RESIDENCIA E DE COMEDOR NOS CENTROS RESIDENCIAIS DESTA CONSELLERÍA, E SE CONVOCA A OFERTA DE PRAZAS PARA O CURSO ACADÉMICO 2022/2023.

O día 7 de xullo de 2022 publicouse a Orde do 7 de xuño de 2022 pola que se establecen as bases reguladoras para o acceso as prazas de residencia e de comedor nos centros residenciais desta consellería, e se convoca a oferta de prazas para o curso académico 2022/23.

Conforme aos artigos 11, 13 e 14 desta orde, o día 17 de outubro de 2022 reuniuse a Comisión de Valoración para elaborar a proposta de adxudicación definitiva de prazas de residencia no prazo extraordinario. Logo de transcorrido o prazo de 10 días hábiles outorgado de acordo co artigo 12.2 de mencionada orde, e non habendo reclamacións ó respecto, procede dar traslado da proposta de adxudicación definitiva de persoas adxudicatarias de prazas de residencia á Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro da Consellería do Mar, non habendo, nesta caso, relación de excluídos.

Tendo en conta a proposta da Comisión de Valoración, a Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro,

RESOLVE:

En cumprimento do punto 2 do artigo 13 da Orde do 7 de xuño de 2022 , facer pública a relación definitiva de persoas adxudicatarias de prazas de residencia en pensión completa para a residencia da Escola Oficial Náutico Pesqueira de Ferrol no prazo extraordinario. Esta relación figura como anexo desta resolución, e deberá publicarse na páxina web da Consellería do Mar e no taboleiro de anuncios da Escola Oficial Náutico Pesqueira de Ferrol.

Contra esta resolución, que non esgota a vía administrativa, poderá interpoñerse recurso de alzada perante a conselleira do Mar, no prazo dun mes desde o día seguinte ao da súa publicación, de conformidade co disposto nos artigos 121 e 122 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Desenvolvemento Pesqueiro

Susana Rodríguez Carballo

(asinado dixitalmente)



ANEXO

Relación definitiva de persoas adxudicatarias de prazas de residencia en pensión completa no prazo extraordinario .

LISTAXE DEFINITIVO

Período Extraordinario. Pensión Completa. Curso 2022/2023

Nº	APELIDOS	NOME	DNI
1	CALOCA PRIETO	MARIO	***8372**
2	CASAS GONZÁLEZ	JOSÉ MANUEL	***4376**
3	MOS REGUEIRA	JOSÉ	***8487**
4	PEREIRA MILLÁN	SIMÓN	***6023**
5	QUEIJAS RODRÍGUEZ	YAGO	***2242**
6	SANTOS RIVAS	ÁLVARO	***8479**

